

Vázquez Ramil, Raquel (2014). *La mujer en la Segunda República española*. Madrid, Akal (Col. Akal: Historia del Mundo, nº 85). ISBN: 978-84-460-3953-2. 56 páxinas.

Raquel Vázquez Ramil, doutora en Historia Contemporánea, acaba de publicar na editorial Akal unha importante monografía sobre a situación das mulleres nese período de fondas transformacións e axitación que foi a Segunda República española, entre 1931 e o estalido da guerra civil en 1936, período que continuaría na zona republicana até 1939.

Trátase dun libro breve en extensión, pero de amplo contido organizado en sete apartados ou capítulos. O capítulo inicial analiza a situación legal das españolas no primeiro terzo do século XX, a modo de preludio do que sucederá durante a República. Nun esforzo meritório, dada a restrición de espazo, a autora remóntase ao século XIX para explicar o «lento despertar» das mulleres españolas, condicionadas por disposicións legais que as reducían á tutela do pai ou do esposo e limitaban a súa participación na vida social. Durante a Ditadura de Primo de Rivera houbo tímidos pasos adiante, ao abrir as portas da Asemblea Nacional ás mulleres en 1927 e confiarlles postos nos gobernos municipais. Moi interesante o cadro das alcaldesas durante a ditadura primorri-verista, entre elas, Concepción Pérez Iglesias, mestra nacional, na localidade de Portas (Pontevedra), designada o 9 de xaneiro de 1925.

O segundo capítulo aborda a Constitución de 1931 e a participación da muller na vida política. Trala proclamación da República o 14 de abril de 1931 houbo intensos debates no seo das Cortes Constituíntes, que foron de ton maior na discusión sobre o dereito a voto das mulleres. Delineáronse entón dúas posturas enfrontadas: a dos partidarios do voto, coa radical Clara Campoamor á cabeza; e a dos contrarios, entre os que destacou Victoria Kent, radical-socialista. O feito de que dúas mulleres, ambas avogadas, representasen posturas contrarias nun tema tan sensíbel, caldeou o ambiente e converteu a cuestión do voto feminino en pedra de toque do primeiro ano da República. Como colofón do segundo capítulo, e para ilustrar o debate, inclúense fragmentos dun discurso de Victoria Kent razoando a súa oposición á concesión do voto ás mulleres e dunha intervención de Clara Campoamor avogando polo sufraxio feminino.

O capítulo terceiro afonda nas consecuencias políticas e sociais do voto feminino e analiza o labor das deputadas republicanas nos dous bienios, o primeiro, Republicano-socialista (1931-1933), e o segundo, Radical-cedista (1933-35), amais do Frente Popular, a partir de febreiro de 1936. Raquel Vázquez preséntanos a traxectoria das mulleres que accederon ao Congreso e as súas actividades: Clara Campoamor, a defensora do voto feminino, perdeu o seu escano en 1933 e non volveu ao Congreso; Victoria Kent, que se opuxera, recuperou escano en 1936; outras, como Margarita Nelken, María Lejárraga ou Dolores Ibárruri destacaron na vida social da época e aínda hoxe seguen a ser obxecto de estudo e exemplo de dedicación.

O cuarto capítulo aborda o debate sobre o divorcio, presentado no seu momento por algúns sectores como un atentado contra as mulleres. A lei de divorcio xerou fortes debates nas Cortes e na prensa, debates que saltaron á rúa. Os sectores progresistas vían no divorcio a oportunidade para liberar á muller dun matrimonio que moitas veces se convertía en xugo opresor, mentres que a dereita e a Igrexa rexeitábano afirmando que condenaba ás mulleres ao desvalemento. A Lei de Divorcio promulgouse o 25 de febreiro de 1932; trala guerra foi derrogada e houbo que esperar até 1981 a que de novo se aprobase a Lei de Divorcio en España.

O quinto capítulo céntrase na educación durante a Segunda República, para nós máis coñecido e moi ben resumido por parte de Raquel Vázquez. A autora móvese nun terreo do que é unha profunda coñecedora. Aínda non hai moito, no 2012, saíu do prelo da editorial Akal o seu estudo definitivo *Mujeres y educación en la España contemporánea. La Residencia de Señoritas de Madrid (1915-1936)*. É ben coñecida a influencia do

pensamento da *Institución Libre de Enseñanza* nun grupo de políticos republicanos que levarán a cabo o importante programa de impulso escolar da República; é o caso de Marcelino Domingo, Rodolfo Llopi e Fernando de los Ríos. Constouse tamén coa participación doutros institucionistas, entre eles con Lorenzo Luzuriaga e con Manuel B. Cossío, o alumno predilecto de Francisco Giner de los Ríos, a quen a República poría á fronte do Patronato de Misións Pedagóxicas e nomeado cidadán de honor da República. A Segunda República, especialmente nos gobernos provisionais anteriores á Constitución e no primeiro bienio, impulsa un ambicioso programa de construción de escolas primarias para paliar a grave lacra do analfabetismo, e pon o acento na mellora da formación dos mestres, na dignificación do maxisterio como profesión esencial para o progreso dun país libre, e na coeducación, tema este último que vai levantar desconfianzas. Para a historia queda o denominado *Plan Profesional* da Segunda República. Neste capítulo préstaselle interese especial, con profusión de datos estatísticos, á educación da muller, atrasada con respecto á do home, que experimentará avances desde o nivel primario ata a incorporación das primeiras mulleres á docencia universitaria.

O sexto capítulo detense no arraigo da conciencia feminista en España e fai un percorrido polas primeiras agrupacións que defendían o sufraxio e os dereitos civís até o feminismo «politizado» da Segunda República, onde se delinean dúas posturas: a dos grupos que loitan pola igualdade a todos os niveis dende os sectores de esquerda até aqueles que identifican muller con tradición dende as filas conservadoras. Carmen de Burgos, mestra, xornalista e escritora, foi unha das intelectuais máis destacadas e prolíficas da Idade de Prata, activista defensora do sufraxio feminino.

O último capítulo repasa o papel das mulleres na sociedade republicana, observando os traballos desenvolvidos polas mulleres, o rexurdir de novas profesións e, polo tanto, de novas actitudes, e nos achega á vida cotiá con aspectos como o ocio, o deporte, o fogar, a moda, en fin, o día a día das mulleres republicanas.

Conclúe o libro co inicio da guerra civil, que supuxo a destrución de vidas e bens e tamén a erradicación das grandes conquistas da muller durante a etapa republicana. Moi interesante tamén a activa participación da muller durante o período bélico. Despois viría a represión e tamén a depuración das mestras e mestras, que a maquinaria franquista xa puxera en marcha dende o mesmo momento do estoupido da guerra.

Non se podía dicir máis en menos. Raquel Vázquez Ramil fixo un esforzo moi considerable por dar unha visión da muller durante a Segunda República, sen escatimar datos ni referencias. Aínda que moitos títulos están inseridos no mesmo texto, botamos de menos, iso si, unha bibliografía ao final desta obra tan traballada; pero non foi culpa da autora. Na colección *Akal: Historia del Mundo* non se inclúe bibliografía, algo que tal vez a editorial debería reconsiderar, posto que se trata dun material moi útil para estudantes de bacharelato e universitarios —os mesmos TFG e TFM nos que andamos mergullados— e tamén para lectores en xeral. É loábel a inclusión de textos ilustrativos ao final de cada apartado, que nos debuxan moi ben o ambiente da época, e a selección de fotografías e ilustracións. Particularmente, polas referencias a Galiza, celebramos a inclusión da bandeira republicana que ondeou no balcón do Concello da Coruña coa proclamación da República e que se conserva na Casa Museo de Casares Quiroga na capital herculina.

Estamos diante una obra ao alcance de todos desde distintos puntos de vista, incluso o económico, sería, moi ben construída e clara, esencial para coñecer o que foi a Historia das mulleres nese breve tempo que as forzas contrarias non deixaron prosperar, o tempo da Segunda República española. Enhoraboa, Raquel.

Anxo Serafin Porto Ucha
Universidade de Santiago de Compostela